

# Regavid

Ferramenta de xestión da rega que avalía as necesidades hídricas actuais do viñado e predí as futuras

Regavid busca implementar unha ferramenta que permita modelar as necesidades hídricas reais do cultivo en función dos datos procedentes de sensores de humidade do solo, estacións meteorolóxicas e das previsións meteorolóxicas para a zona e ser capaz de prever os requirimentos de rega a futuro.



## Obxectivos


O obxectivo xeral deste proxecto é o desenvolvemento dunha **ferramenta de xestión** do rego que permita determinar as necesidades hídricas actuais do viñado e predicir as futuras necesidades hídricas.




## Resultados

Obteremos un modelo que permitirá caracterizar a resposta dos sensores en función dos diferentes valores de contéudo de auga no solo e realizar un axuste efectivo do coeficiente do cultivo. Ademais, obteremos modelos de predición da evapotranspiración (ET<sub>c</sub>) e do coeficiente do cultivo (K<sub>c</sub>) para determinar as necesidades hídricas do viñado no futuro.


## Actividades




1 Definición de zonas de estudo (tamaño de unidades de actuación e número de sensores a instalar), zonificación con mapas de condutividade eléctrica aparente e análise de chan.



2 Instalación de equipamentos (sondas de solo, puntos de control TDR e contadores de control de volume de auga aplicado) e avaliación do sistema de rego.



3 Definición de tratamentos (zona de secano, zona con rego habitual da adega, zona con rego indicado pola ferramenta a desenvolver no proxecto).



4 Medicións do contido en auga do solo con sondas TDR.



5 Controis no campo (equilibrio de carga, seguimento do fenoloxía e prácticas agronómicas, caracterización do dosel vexetal, determinación de superficie foliar exposta, seguimento de maduración, avaliación de produción e análise de mostos).



6 Desenvolvemento de modelos (correlación de medidas de sensores e medidas TDR, axuste do coeficiente de cultivo, modelado de necesidades hídricas actuais, modelos de predición a 7 días de evapotranspiración de referencia e coeficiente de cultivo) e desenvolvemento da ferramenta de xestión do rego.



7 Execución do plan de divulgación (transferencia dos resultados aos sectores e realización de accións de divulgación).

## Quen conforma REGAVID?

feuga

fundación  
empresa  
universidade  
galega

USC  
UNIVERSIDADE  
DE SANTIAGO  
DE COMPOSTELA

Monet  
viticultura

Martín Códax